

## VI CAMPUS MULTIDEPORTE

Datas:  
Do 24 ao 28 de xuño de 2019

Grupos de idade:  
Dos 8 ós 14 anos

Mediante esta actividade que se desenvolverá no **pavillón municipal de Barbadás**, e nas **piscinas municipais** preténdese utilizar a actividade física como medio para transmitir e fomentar valores educativos que axuden a promover as relacións persoais e a formación integral da persoa a través da adquisición de hábitos saudables da vida durante as vacacións de verán.

### Datas:

Do 26 ao 29 de xuño de 2018

### Actividades:

#### 1. Actividades acuáticas

 A natación educativa: o seu obxectivo é acadar un desenvolvemento integral do participante a través do desenvolvemento das capacidades básicas no medio acuático.

#### 2. Xogos deportivos e colectivos

**3. Xogos e deportes alternativos.** "Deporte para todos" en espazos non convencionais, sen unha condición física determinada, técnica ou regulamentos, sen requisitos burocráticos, que desenrolan as capacidades do movemento físicas e motrices, a motivación, a creatividade. e educa en valores, adaptándoos ó nivel de idade do grupo; realizaranse competicións e xogos sumamente educativos.

### Horarios e quendas:

1. De mañá (de 9,30 a 13,30)

2. De tarde (de 16,00 a 20,00)

3. Todo o día (de 9,30 a 13,30 e de 16 a 20 h.).

Realizarase unha **velada nocturna** de carácter opcional, do xoves para o venres, durmindo unha noite no pavillón municipal e realizando actividades nocturnas. A velada incluírá cea e almorzo antes de proceder á **clausura da actividade ás 13.00 horas**.

### Prazo de inscrición:

Do 12 ao 19 de xuño de 2019 (ambos incluídos).

A adxudicación das prazas realizarase de forma directa e por rigorosa orde de inscrición.

O día 20 de xuño publicarase a listaxe de admitidos, tendo de prazo ata o 22 para realizar o pagamento.

### Persoas con diversidade funcional

As persoas que teñan unha diversidade funcional igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no apartado no impreso da solicitude.
- Que no certificado de recoñecemento de diversidade funcional non se recolle a necesidade dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración no grupo e que as súas limitación e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades programadas que se van a desenvolver.

Porén, a organización reservará un 5% de prazas en cada quenda para os solicitantes con diversidade funcional igual ou superior ao 33% e que non cumpran os devanditos requisitos.

### Prezo por turno:

1. De mañá: 30 €

2. De tarde: 40 €

3. Todo o día: 60 €